



XXVII PREMIO ESQUÍO DE POESÍA

BASES

O Concello de Ferrol e a Sociedade de Cultura Valle-Inclán convocan a 27 edición do PREMIO ESQUÍO DE POESÍA de acordo coas bases seguintes:

1. Establécense dous premios indivisibles de 10.000p con cadanseu accésit de 2.500p para poemarios escritos en lingua galega e castelá respectivamente.
2. Poderán concorrer a eles poetas nacionais e estranxeiros, agás os que xa gañasen o premio nunha edición anterior, coa condición de que os poemarios non fosen premiados noutro certame no momento do ditame.
3. Os poemarios deberán ser inéditos se ben algún poema puido ser publicado anteriormente en xornais ou revistas.
4. Os poemarios presentaranse por cuadruplicado, mecanografados a dous espazos e baixo plica na que se farán constar os datos persoais do autor (nome, apelidos, domicilio e teléfono). Non serán admitidos aqueles que non vaian acompañados da plica correspondente ou nos que os citados datos estean ao descuberto.
5. Os poemarios serán enviados por correo certificado a: Sociedade de Cultura Valle-Inclán. Apartado 513. 15480 Ferrol.
6. O prazo de admisión pecharase o 15 de febreiro de 2008. Non serán admitidos orixinais recibidos con cuño posterior a esa data.
7. Os poemarios premiados serán propiedade dos respectivos autores aínda que a primeira edición será publicada pola Sociedade de Cultura Valle Inclán na Colección Esquío de Poesía.
8. O xurado será designado pola Sociedade de Cultura Valle-Inclán e estará composto por persoas de recoñecida solvencia no terreo da crítica literaria ou da creación poética. O seu fallo será inapelable e terá lugar no mes de abril de 2008.
9. Aplicaráselles aos premios as retencións previstas na lexislación tributaria española.
10. Os orixinais non premiados serán destruídos e non se manterá correspondencia sobre eles, co fin de preservar o anonimato dos autores.
11. As persoas gañadoras dos premios autorizan expresamente ás entidades convocantes a publicar e divulgar os seus nomes, apelidos e número de teléfono no momento de se facer público o ditame.
12. A interpretación destas bases corresponderalle exclusivamente ao xurado que fallará o premio. O feito de presentar a súa obra ao certame supón a conformidade do concursante coas presentes bases.